



GRUPO MUNICIPAL

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, concelleira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra, presenta ante o Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte PROPOSICIÓN relativa ao **REXEITAMENTO DA AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DOS PRACERES EN LOURIZÁN.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 21 de maio de 2018 o director de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez Martínez, deu a coñecer á Comisión de Seguimento do Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra o proxecto de ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais dos Praceres, que tería o dobre de capacidade e ocuparía o dobre de espazo nos terreos contiguos á actual, sempre e cando Costas o autorice, pois esta situada en terreos que no seu día foron lámina de auga.

Unha vez coñecida a intención da Xunta de Galicia, os veciños e as veciñas iniciaron mobilizacións e solicitaron ao alcalde do Concello de Pontevedra e ao director de Augas de Galicia ser informados, como principal parte afectada por unha actuación que ademais de ocupar unha das poucas zonas comúns da parroquia, poñería, aínda máis, en risco a saúde do seu banco marisqueiro.

Paralelamente, e para tranquilidade da veciñanza, Marea Pontevedra presentou neste pleno unha proposición na que solicitaba o apoio dos grupos da corporación para “instar ao Pleno do Concello de Pontevedra, a facer público o seu **rexeitamento á ampliación da EDAR dos Praceres**, evitando perpetuar un sistema desfasado e ineficaz, que vai en detrimento da calidade de vida da veciñanza e ten un enorme custo ambiental”.

Facendo uso dunha interpretación discutible do Regulamento Orgánico do Pleno, os grupos do BNG e do PSdG-PSOE introduciron unha emenda de substitución para

impedir a votación do texto orixinal presentado por Marea Pontevedra. Finalmente o pleno aprobou, co voto favorable dos grupos do BNG e do Partido Socialista, “non aprobar definitivamente, nin licitar o proxecto de ampliación da EDAR dos Praceres mentres non estea rematado e aprobado na súa totalidade o Plan de Saneamento da Ría de Pontevedra”.

O 19 de setembro volveu reunirse a Comisión de Seguimento do Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra, coa participación do alcalde de Pontevedra. As conselleiras de Medio Ambiente, Beatriz Mato, e de Mar, Rosa Quintana, presentaron as conclusións do estudo de alternativas para a ampliación, que propón catro posibles emprazamentos para a nova depuradora.

O día 26 de setembro, pasados 3 meses desde a petición de información por parte da veciñanza, o director de Augas de Galicia e o Delegado da Xunta de Galicia en Pontevedra, Xosé Manuel Cores Tourís, mantiveron unha xuntanza coa Plataforma Non á Ampliación da EDAR dos Praceres, onde presentaron a intención de triplicar a mencionada instalación. En resposta, máis unha vez a xente dos Praceres sae á rúa e anuncia a súa total oposición a calquera das catro alternativas presentadas, pois todas elas inciden na necesidade de ampliar as instalacións na parroquia.

Dado que esa depuradora leva funcionando dúas décadas (co resultado de que dispoñemos das augas de peor calidade de toda a costa española), dado que non respecta a distancia legal mínima das vivendas habitadas (de 200 metros), e dado que ocupa terreos en dominio marítimo (cando a lei só autoriza facelo con instalacións que non poidan estar noutro lugar), non parece lóxico apostar pola ampliación dunha macro-depuradora que, ademais de ser claramente insustentable, constitúe un despropósito medioambiental.

A solución aos problemas ambientais, urbanísticos e xudiciais do actual (mal) modelo non pode ser seguir teimando no erro, trasladando as augas residuais por quilómetros e quilómetros de colectores ata desembocar nunha instalación que a cada paso hai que agrandar e que a cada pouco queda pequena. Aínda sendo competencia fundamental de Augas de Galicia, tamén debe contar con que os concellos beneficiados se impliquen na busca de solucións que propoñan alternativas nos seus respectivos territorios ao rudimentario proceso de entubar as fecais por un camiño de canos ata Os Praceres.

Porén, a opción lóxica pasa por propoñer un plan de saneamento que inclúa o deseño dunha obrigada alternativa á depuración de augas residuais para os concellos que actualmente as envían aos Praceres.

Por todo iso, o grupo municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta ante o Pleno a seguinte

PROPOSICIÓN:

1º. Instar a Xunta de Goberno Local a activar desde a asesoría xurídica do Concello de Pontevedra todas as vías legais e xurídicas encamiñadas a loitar contra a ampliación da EDAR dos Praceres.

2º. Instar a Xunta de Goberno Local a facer pública a posición que defende na Comisión de Seguimento do Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra, tanto nas xuntanzas anteriores coma nas futuras.

3º. Instar a Xunta de Goberno Local a solicitar de Costas que non autorice a ocupación dos terreos necesarios para a ampliación da EDAR dos Praceres.

4º. Trasladar desde o Pleno do Concello de Pontevedra ao goberno municipal de Poio a demanda de que poña a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para a instalación que lles permita o tratamento das súas propias augas residuais dentro do seu termo municipal.

5º. Trasladar desde o Pleno do Concello de Pontevedra ao goberno municipal de Marín a demanda de que poña a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para a instalación que lles permita o tratamento das súas propias augas residuais dentro do seu termo municipal.

Pontevedra, 3 de outubro, 2018

María del Carmen Moreira Martínez
Concelleira do GM de Marea Pontevedra